


Do volume total de auga do planeta, só unha porcentaxe ínfima está dispoñible para usos humanos. O crecemento da economía e da poboación mundiais disparou o consumo de auga e estámonos achegando ao límite máximo sustentable.

Cómpre consumirmos menos auga e outros recursos naturais para vivir sen exceder as capacidades do noso contorno: A auga é un ben limitado que cada un de nós consume non só de forma directa senón tamén indirecta.

Temos moitas opcións para aforrar auga. Usar a lavadora e o lavalouzas só cando están cheos, ducharse en lugar de bañarse, instalar cisternas con dobre pulsador, evitar o consumismo, apostar pola compra de produtos locais e ecolóxicos...



Unha cunca hidrográfica ou fluvial é a superficie que recolle as augas que alimentan un determinado río. O Tea e os seus afluentes constitúen unha subcunca da cunca do río Miño. A auga debe xestionarse a escala da unidade natural que son as cuncas, máis alá dos límites administrativos.



www.concellodecovoelo/sostibile/foro.php

Deesko C&M, s.coop.galega



UN RÍO CHEO DE VIDA

O río Tea nace en Covelo, na serra do Faro de Avión e na do Suído. Por mor da súa destacada riqueza natural, o Tea foi designado Lugar de Interese Comunitario (LIC) e incluído na Rede Natura 2000.

Un espazo con hábitats de interese europeo

Os bosques de ribeira son o tipo de bosque natural máis destruído en Europa desde a antigüidade.

Nas marxes do Tea e os seus afluentes consérvanse en bo estado bosques de ameneiros e freixos.

Dentro dos límites do espazo tamén hai valiosas fragas con carballos e cerquiños. Outros hábitats de interese presentes son diversos tipos de formacións de mato.



Freixo

Incluído Rede Natura 2000 e declarado Zona de Especial Protección dos Valores Naturais

Esta rede de espazos protexidos foi creada pola Unión Europea para deter a alarmante perda de biodiversidade. Nela non se exclúen as actividades económicas senón que se procura harmonizalas coa conservación da natureza.

A parte do río Tea incluída na Rede Natura 2000 foi declarada pola Xunta de Galicia como Zona de Especial Protección dos Valores Naturais. Os usos e actividades tradicionais non prexudiciais para o medio pódense seguir levando a cabo. Porén, outras actividades que

poidan deteriorar este espazo natural precisan dunha autorización previa.



O Tea nos pasos de Lourido

OS VALORES QUE AGOCHA O TEA

O Tea e as súas ribeiras son o hábitat de moitas especies cun gran valor ecolóxico.

Unha flora rica

Son moitas as especies de plantas que viven na cunca do río Tea. Nos bosques mellor conservados viven numerosas especies de arbustos, plantas herbáceas e fentos. Outro valioso hábitat son as turbeiras dos planaltos das serras onde nace o Tea.

Tesouros ameazados

Aquí viven algunhas especies da nosa flora ameazadas de extinción: os fentos *Dryopteris aemula*, *Dryopteris guanchica* e *Woodwardia radicans* ou o narciso *Narcissus cyclamineus*, endémico de Galicia e norte de Portugal.



Marteliños

Os mellores aliados do río

Os bosques de ribeira son esenciais para o bo estado ecolóxico dos ríos. Regulan a temperatura da auga; actúan como filtros verdes; reteñen a terra das marxes; os seus froitos fornecen alimento e as súas raíces refuxios para a fauna fluvial. Alén diso, enriquecen a paisaxe e funcionan como corredores ecolóxicos unindo zonas de interese natural.

Libélulas en perigo

Dúas das especies que viven na bacía do Tea áchanse en perigo de extinción en Galicia: *Gomphus graslinii* e *Macromia splendens*.

Peixes do Tea

O río Tea alberga unha comunidade de peixes diversa da que forma parte a lamprea, o salmón, especie en perigo en Galicia ou mesmo o reo, coñecido nestas terras como “ameáns”.



Reo

OS PROBLEMAS AMBIENTAIS DOS RÍOS AMEAZAN A CALIDADE DA AUGA

Galicia posúe unha densa rede fluvial cunha riqueza natural que se veu minguada nas últimas décadas.

Erosión do solo

Os arrastres de terras provocados por incendios ou por malas prácticas forestais contaminan as augas e degradan os fondos dos ríos.

Contaminación


Verteduras de augas residuais urbanas ou industriais, augas agrícolas con restos de pesticidas e fertilizantes deterioran a calidade das augas.

Barreiras no río

Os encoros son barreiras infranqueables para a fauna e alteran drasticamente a dinámica fluvial.

Introdución de especies exóticas

Algunhas especies exóticas invasoras degradan o medio e desprazan as especies autóctonas.



Mimosa

Cambio climático

O cambio climático provocada pola queima de combustíbles fósiles se non a atenuamos, terá efectos desastrosos sobre a natureza da que dependemos, tamén sobre os nosos ríos.

O consumo excesivo da auga

A auga é un recurso necesario para o desenvolvemento das actividades humanas (no fogar, na agricultura e na industria) e o consumo excesivo é tamén un problema ambiental que ameaza a conservación dos ecosistemas.

